



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URGENTE DO 23 DE DECEMBRO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00058720D.

Ratificar a urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da presente convocatoria.

2. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00035771H.

Ampliación do prazo de execución das obras definidas no proxecto denominado "Mellora da accesibilidade do Concello de Santiago 2021" reservado a centros especiais de emprego e empresas de inserción social (D.A. 4ª LCSP).

Autorízase a ampliación do prazo de Execución das obras definidas no proxecto denominado "Mellora da accesibilidade do Concello de Santiago 2021", adxudicado á PROPERDIS EMPRESA DE INSERCIÓN LABORAL, SLU, en 60 días, dacordo coa petición da empresa de inserción laboral contratista da obra e os informes da dirección facultativa e da arquitecta municipal e demais documentación que consta no expediente.

3. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00055537T.

Adxudicación do contrato que ten por obxecto "Contrato privado de patrocinio de actividades de ocio dirixidas ao público infantil e xuvenil nas datas do Nadal" á XESTION DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS E ESPECTACULOS SL. (XADE).

Acórdase:

Primeiro: Adxudicar o contrato que ten por obxecto "*Contrato privado de patrocinio de actividades de ocio dirixidas ao público infantil e xuvenil nas datas do Nadal*" á XESTION DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS E ESPECTACULOS SL. (XADE) por un importe total de 50.000,00 euros (Base impoñible: 41.322,31 euros, IVE do 21%: 8.677,69 €).

A unidade encargada do seguimento e control ordinario do contrato será o departamento de Comunicacóns e Relacións institucionais. Adscribese a este cometido a técnica de Promoción Económica, dependente da Alcaldía Segundo: Comprometer o gasto de 50.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010-43200-2269900 PROMOCIÓN TURÍSTICA. OUTROS GASTOS DIVERSOS. coa seguinte desagregación:

Anualidade 2022: (26, 27, 28, 29, 30, 31 de decembro de 2022): 37.500 euros.

Anualidade 2023 (1 e 2 de xaneiro de 2023): 12.500 euros

O gasto de exercicios futuros queda condicionado, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios.